



Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña

Vol. 28 (2024), pp. 146-171

ISSNe: 2530-6324 || ISSN: 1138-039X

DOI: <https://doi.org/10.17979/afdudc.2024.28.10576>

A DISCRECIONALIDADE NA FASE PREPARATORIA DO XUÍZO NO PROCESO PENAL INGLÉS

DIVERSION IN THE PRE-TRIAL STAGE IN THE ENGLISH CRIMINAL PROCEDURE

FERNANDO VÁZQUEZ PARGA

*Avogado. Doutorando en Dereito.
IX Premio Lois Tobío de Investigación
Xurídica en Lingua Galega*

Recibido: 20/10/2023

Aceptado: 23/11/2023

Resumen: Neste estudo analízase o proceso penal no ordenamento xurídico inglés, centrándose na fase previa ao xuízo oral e nas manifestacións do principio de oportunidade por parte das autoridades de persecución penal (policía e fiscalía). Con isto poñeranse de manifesto non só as principais diferenzas co sistema español, senón tamén os aspectos positivos e negativos da aplicación das principais alternativas ao proceso penal nesta fase procesual. Finalmente, propoñeranse unha serie de posíbeis melloras do sistema inglés para que, a súa vez, poidan servir de base para a aplicación do principio de oportunidade na fase previa ao xuízo oral en España, especialmente nas futuras reformas lexislativas neste eido.

Palabras clave: Alternativas ao proceso penal; dereito comparado; policía; Ministerio Fiscal; fase preparatoria.

Abstract: This study analyzes the criminal process in the English legal system, focusing on the pre-trial stage and the manifestations of the principle of opportunity by the criminal prosecution authorities (police and prosecutor's office). This will highlight not only the main differences with the Spanish system, but also the positive and negative aspects of the application of the main alternatives to criminal proceedings at this procedural stage. Finally, a series of possible improvements to the English system will be proposed so that, in turn, they can serve as a basis for the application of the principle of opportunity in the pre-trial stage in Spain, especially in future legislative reforms in this regard.

Keywords: Diversion; comparative law; police; CPS; pre-trial stage.

Sumario: I. INTRODUCCIÓN. II. O INICIO DO PROCESO PENAL. III. A FASE PREVIA AO XUÍZO ORAL. 1. A policía inglesa e as fases indagatoria e preparatoria. A. A policía en Inglaterra e Gales. B. A fase indagatoria e preparatoria levada a cabo pola policía. a) *Initial investigation*. b) Fase indagatoria (*preliminary inquiry*). d) Fase preparatoria (*pre-trial investigation*). d.1) Arresto (*arrest*). d.2) Detención (*Detention*). d.3) Interrogatorio (*questioning*). C) A decisión policial. a) *Out-of-court disposals (OOC)*. a.1) *Non further action*. a.2) *Cautions*. b) *Guilty plea*. **2. A acusación (*charging decision*).** A. O *Crown Prosecution Service*. B. O exercicio da acusación polo CPS. C. O exercicio da acusación polos particulares. D. *Pre-trial disclosure*. **IV. CONCLUSIÓN. V. BIBLIOGRAFÍA.**

* * *

I. INTRODUCCIÓN

A comisión dun feito delituoso ocasiona, en toda sociedade minimamente organizada, o inicio dun procedemento encamiñado á investigación dos feitos acontecidos e á identificación do presunto autor para –no seu caso– exercer a acusación contra o mesmo, para que sexa xulgado ante un órgano xurisdiccional.

Normalmente, e dependendo do país, estas funcións están encomendadas a diferentes órganos ou persoas atendendo, entre outros aspectos, ao sistema procesual penal que impere no devandito territorio (inquisitivo ou acusatorio) e ao tipo de proceso que predomine no mesmo (*adversarial* ou acusatorio mixto)¹.

Establecido o anterior, mencionar que no caso do proceso penal² que impera en Inglaterra e Gales, danse certas características únicas e alleas ao resto de procesos penais que predominan no resto de países da súa contorna, e que se poden sintetizar nas seguintes afirmacións.

En primeiro lugar, a diferenza do ámbito continental, o proceso penal en Inglaterra e Gales non dispón dun código procesual, senón que tódalas normas procesuais atópanse

¹ Vd. neste sentido as diferenciacións establecidas entre inquisitivo/acusatorio e adversativo/acusatorio mixto establecidas por ARMENTA DEU, Teresa, *Sistemas procesales penales. La justicia penal en Europa y América*. Marcial Pons, 2012, págs. 21-58. Non se fai así referencia ao «proceso inquisitivo» xa que, de acordo con MONTERO AROCA, o proceso penal non pode ser inquisitivo, sendo o concepto «proceso inquisitivo» unha *contradictio in terminis*. MONTERO AROCA, Juan, *Derecho Jurisdiccional I. Parte General*, 27ª Ed. Tirant, 2019, pág. 279.

² Pola contra, autores como PADFIELD establecen que non estamos ante un tipo de «proceso penal», senón ante un «sistema xurídico» totalmente diferente. PADFIELD, Nicola, *Text and Materials on the Criminal Justice Process*. Butterworths, 1995, pág. 3.

espalladas nunha serie de normas históricas (*common law*) e lexislativas (*statutes*)³, pero sobre todo na propia xurisprudencia⁴.

En segundo lugar, cabe destacar que o proceso penal inglés é de corte acusatorio⁵ puro (*accusatorial procedure*)⁶, en contraposición do acusatorio formal ou mixto. E aínda que ambos tipos parten da concepción de que un proceso penal, propiamente dito, require de que o órgano que exerce a acusación e o órgano que axuíza os feitos, sexan órganos distintos; a principal diferenza entre ámbalas dúas concepcións é que, mentres que no sistema procesual penal acusatorio puro o órgano encargado de iniciar e levar a investigación non é un órgano xurisdiccional, no caso do sistema acusatorio mixto, a investigación (denominada instrución), acostuma a ser levada ou dirixida por un órgano xudicial⁷. Polo tanto, no caso inglés, corresponde aos órganos non xudiciais realizar a investigación do delito e levar a cabo o exercicio da acusación.

Historicamente, estas funcións eran encomendadas aos particulares, polo que debían de ser os individuos os que iniciasen unha investigación (directamente ou a través dunha persoa contratada para iso, como un detective privado) e/ou exercesen a acusación contra unha persoa, en nome da Coroa e a través dun avogado (*barrister*). Posteriormente, sería a policía a que se acabaría encargando desta función, tendo que acudir tamén aos servizos dun *barrister* para iniciar o proceso. Isto sería así ata a creación do *Crown Prosecution Service* (CPS) no ano 1985.

Así mesmo, no proceso penal anglosaxón, non existe un xuíz de instrución, xa que o proceso é eminentemente adversativo (*adversarial*)⁸, polo que han de ser as partes, tanto a acusación (*counsel for the prosecution*) coma o acusado –directamente ou a través da súa defensa letrada (*counsel of defence*)– os que, en primeiro lugar, investiguen e (posteriormente) acheguen os feitos, e practiquen (no xuízo) as probas de cargo e descargo,

³ Estas normas, e fontes históricas do dereito inglés, son a Carta Magna de 1215, a *Petition of Rights* de 1628, o *Habeas Corpus Act* de 1679 e a *Bill of Rights* de 1689. Mentres que as fontes lexislativas con normativa procesual son, principalmente, a *Police and Criminal Evidence Act* de 1984, a *Prosecution of Offences Act* de 1985 e as *Criminal Procedure Rules* de 2020.

⁴ En todo caso, existe en Inglaterra e Gales unha compilación denominada *Criminal Procedure Rules*, nas que se establecen unha serie de regras a seguir por aqueles que interveñen no proceso penal. Vd en: <https://www.gov.uk/guidance/rules-and-practice-directions-2020> (derradeira consulta 20/09/2023).

⁵ Cabe concordar, neste senso, co significado actual do principio acusatorio dado por MONTERO AROCA, ao establecer que o «principio acusatorio» refírese a aquel principio caracterizado por garantir a imparcialidade do órgano xulgador, o que implica: que quen acuse non poida xulgar; que só se poida condenar polos feitos e á persoa fixada na propia acusación; e que o xuíz non poida achegar probas e feitos de oficio durante o xuízo oral. Vd. en MONTERO AROCA, Juan, *Proceso (civil y penal) y garantía. Proceso como garantía de libertad y de responsabilidad*. Tirant, 2006, págs. 517 y ss. y 659 y ss.

⁶ Con todo, da calificación do proceso como «acusatorio puro» cabe entender que se refire, no ámbito anglosaxón, ao concepto do dereito a un proceso debido ou *Due Process*, polo cal, segundo o art. 39 da Carta Magna «ningún home libre será detido ou preso, ou despoñido dos seus bens..., sen un xuízo xusto dos seus pares conforme a lei do país». Pola expresión dereito a un «xuízo xusto» cabe entender que se refire ao dereito a un proceso con tódalas garantías; sendo o *Due Process* un requisito previo e mais esencial para que un sistema sexa considerado como adversarial/adversativo.

⁷ Ollar a diferenciación establecida por ARMENTA DEU, Teresa, *Sistemas procesales penales...*, cit. pág. 22.

⁸ Ver, neste senso, a definición de sistema «*adversarial*» dada por LaFAVE, Wayne R. e ISRAEL, Jerold H., *Criminal Procedure*, vol. 1. St. Paul: Ed. West Group, 1984, págs. 36 y ss.

sendo o maxistrado (*magistrate*) ou xuíz (*judge*)⁹ un mero observador alleo ao conflito, actuando este como unha especie de árbitro ou moderador na *litis*, o que reforza a súa imparcialidade no exercicio das funcións xurisdicionais¹⁰.

Unha última característica do proceso penal inglés é que, mentres que en moitos países a investigación é un fase procesual propiamente dita, xa que adoita estar dirixida por un xuíz de instrución, ademais de estar perfectamente regulada¹¹; no ámbito anglosaxón (e polo tanto tamén no proceso penal inglés) a investigación adoita ser unha actividade eminentemente administrativa, desxudicializada e apenas regulada¹².

Estas características orixinarias e propias do sistema procesual penal inglés marcarían a posterior evolución deste sistema e a súa diferenciación, durante moito tempo, co sistema procesual continental europeo.

Con todo, a pesar destas diferenzas, cabe destacar que debido a cuestións como a globalización e a criminalidade internacional, entre outras, existe unha tendencia á equiparación dos ordenamentos xurídicos de todo o mundo occidental, algo que tamén afecta o ámbito procesual penal. Así pois, institucións características da tradición xurídica do *civil law* estanse a incorporar en países con tradición xurídica baseada no *common law*, e viceversa.

Exemplos do anterior pódense ver en fenómenos como a maior importancia da lexislación e a codificación ou a introdución de tribunais de carácter administrativo¹³, característicos do dereito continental, no ámbito anglosaxón.

En sentido contrario, poden observarse tamén que institucións características do *common law*, como o Tribunal do Xurado, aparecen –dende hai moito tempo– na maioría dos países nos que impera o *civil law*. Do mesmo xeito, elementos característicos do proceso

⁹ A diferenza de España, en Inglaterra e Gales, o concepto de *magistrate* utilízase para designar aos membros que compoñen os tribunais inferiores (como os Tribunais de Maxistrados ou *Magistrates' Court*); mentres que a denominación de xuíz (*judge*) se reserva para denominar aos membros que compoñen os tribunais superiores (como o Tribunal da Coroa ou *The Crown Court*).

¹⁰ GÓMEZ COLOMER, Juan Luis, *Introducción al proceso penal federal de los Estados Unidos de Norteamérica*. Tirant, 2013, pág. 81.

¹¹ Véxase neste senso a Lei de Axuizamento Criminal española (LACrim), que dedica á instrución das causas gran parte do seu articulado. Xa, soamente no procedemento ordinario, os arts. 259 a 648 LECrim están dedicados unicamente a aspectos relacionados coa instrución das causas, mentres que as fases intermedia e do xuízo oral reguláanse nos arts. 649 a 749 LACrim. O mesmo sucede no resto de procedementos especiais que recolle dita lei procesual.

¹² GASCÓN INCHAUSTI, Fernando, «Características de los grandes sistemas de investigación penal del derecho comparado», en: *Cuadernos Digitales de Formación, Instrucción penal en el Derecho comparado*, nº 4, 2011, pág. 5.

¹³ Nas nacións de Inglaterra e Gales distínguese así entre *courts* (tribunales de xustiza) e *tribunals* (tribunais de carácter administrativo).

penal anglosaxón, como o sistema adversarial¹⁴ (ou adversativo¹⁵), ou a aplicación de criterios de oportunidade, levan anos xa sendo incorporados nos ordenamentos xurídicos con tradición xurídica continental.

Así pois, facendo referencia ás principais diferenzas entre ámbalas dúas tradicións xurídicas e á súa tendencia actual cara á equiparación ou converxencia¹⁶, corresponde agora centrarse na análise do proceso penal inglés e, concretamente, na súa fase preliminar e previa ao xuízo (*pre-trial stage*), na que os órganos de persecución penal exercen tanto a investigación do delito como a acusación para o seu posterior axuizamento. E aínda que, tradicionalmente, tanto a investigación como a acusación correspondían aos funcionarios de policía, destacar que na actualidade, trala creación do CPS, a función de acusación adoita corresponder a esta última institución, producíndose así unha separación entre as funcións de investigación e de acusación.

II. O INICIO DO PROCESO PENAL

Antes de facer referencia á investigación que leva a cabo a policía e á acusación que, normalmente, leva a cabo o CPS; cabe mencionar que, do mesmo xeito que acontece na gran parte dos países, o proceso penal en Inglaterra e Gales comeza –na gran maioría dos casos– a través da presentación dunha denuncia¹⁷ (*complaint*)¹⁸ ante a policía¹⁹.

¹⁴ Parte da doutrina anglosaxoa adoita diferenciar entre sistemas procesuais penais de corte adversarial (*adversarial procedure*), característicos dos ordenamentos con tradición xurídica baseada no *common law*, dos sistemas procesuais inquisitivos (*inquisitorial procedure*) característicos do *civil law*. ZWEIGERT, Konrat y KÖTZ, Heinz, *An introduction to comparative Law*, 2ª Ed. Clarendon paperbacks, 1993, págs. 280-284.

¹⁵ Concepto utilizado por PÉREZ GIL na tradución da obra de ESER, A. M.C.J. «Jueces legos en el proceso penal. Una comparación entre los sistemas inquisitivo y adversativo desde la perspectiva alemana», en *Estudios jurídicos en memoria del profesor Dr. D. José Ramón Casabó Ruiz* (CASABÓ RUIZ, Jose Ramón), Ed. Universitat de València, Valencia, 1998, págs. 31-61. Este termo tamén é utilizado por procesualistas coma ARMENTA DEU, Teresa, *Sistemas procesales penales...*, cit., págs. 23 y ss.

¹⁶ FROMONT, Michel, *Grands systèmes de droit étrangers*, 2ª Ed. Dalloz, 1994, pág. 6. Este autor establece, neste senso, que ambas familias tenden a unha «evolución converxente».

¹⁷ Outras formas de iniciar o proceso penal, e polo tanto una investigación policial, é a iniciativa dos propios axentes de policía, por ser testemuñas directos da comisión dun delito, ou exercer una previa vixilancia dunha persoa, para ver se esta comete algún feito delituoso. Esa última forma de iniciar unha investigación acostuma a darse naqueles delitos sen vítima (tráfico de drogas, condución baixo os efectos de alcohol, exercer a prostitución na rúa...). Fálase así dun comezo «proactivo» do proceso e da devandita investigación; mentres que, no caso de interpor unha denuncia, fálase dun comezo da investigación e do proceso «reactivo». Vd. neste senso CAMPBELL, Liz; ASHWORTH, Andrew; REDMAYNE, Mike, *The Criminal Process*, 5th. Ed. Oxford University Press, 2018, pág. 83.

¹⁸ En todo caso, ningún cidadán está obrigado a denunciar a comisión un delito. Con todo, en Inglaterra e Gales, trala aprobación da *Prevention of Terrorism Act* de 1989, os cidadáns si que están obrigados a denunciar actividades terroristas, aplicándolles penas a aqueles que non denuncien. Así, tal e como establecen CAMPBELL, Liz; ASHWORTH, Andrew; REDMAYNE, Mike: «*the vast majority of offences are brought to the attention of the police by members of the public*». Vd. en: CAMPBELL, Liz; ASHWORTH, Andrew; REDMAYNE, Mike, *The criminal process...*, cit., pág. 155.

¹⁹ Os principais mecanismos para presentar unha denuncia ante a policía son: chamar dende Inglaterra e Gales ao número 999, en caso de emerxencias ou actos terroristas; ou ao 101 no resto de casos. Tamén pódese denunciar a través da web www.police.uk ou das webs das diferentes comisaría locais de policía, así como a través dos *crimestoppers* (organización sen ánimo de lucro que leva a cabo campañas de información sobre diferentes tipos de delitos e sobre delincuencia).

Unha vez interposta a denuncia²⁰, o proceso penal pasa por unha serie de fases: unha primeira fase preliminar e non xudicializada, composta á súa vez por unha fase indagatoria ou de investigación e, posteriormente, por unha fase acusatoria; para despois pasar por unha fase intermedia (ou preparatoria do xuízo) e pola fase final do xuízo oral (trial), estas dúas últimas dirixidas e levadas a cabo perante un órgano xudicial. Destas fases cabe centrarse así na primeira fase preliminar (ou previa ao xuízo oral), por presentar máis diferenzas con respecto á instrución que se leva a cabo en países cuxa tradición xurídica é o *civil law*.

III. A FASE PREVIA AO XUÍZO ORAL

Tal e como se mencionou na introdución, esta fase caracterízase por ser unha fase eminentemente administrativa, na que apenas intervén un órgano xurisdiccional, unicamente os *Justices of the Peace*²¹ –no seu caso– só para acordar medidas limitativas de dereitos fundamentais (como a entrada e rexistro dun domicilio²² que solicite a policía²³).

A fase preliminar é, deste xeito, característica dos sistemas anglosaxóns, estando constituída polos devanditos actos de: investigación (levada a cabo pola propia policía) e acusación (levada a cabo polos *prosecutors* do CPS)²⁴, ámbolos dous órganos non xurisdiccionais. Estas dúas fases son únicas e comúns para calquera tipo de delito²⁵ e están encamiñadas a pescudar a comisión dun delito, identificar ao presunto autor e (no seu caso) reunir as suficientes probas para levar a cabo unha imputación²⁶ e, posteriormente, levar a cabo unha acusación formal perante un órgano xudicial²⁷.

Polo tanto, a continuación farase referencia á fase indagatoria levada a cabo pola policía, explicando previamente a organización e funcionamento dos corpos policiais en

²⁰ Destacar aquí que, como regra xeral, en Inglaterra menos da metade dos delitos cometidos non son reportados á policía. CAMPBELL, Liz; ASHWORTH, Andrew; REDMAYNE, Mike, *The criminal process...*, cit., pág. 2.

²¹ Os *Justices of the Peace*, tamén denominados *magistrates*, son un dos órganos xurisdiccionais que forman parte dos *Magistrates' Courts*. Son *lay magistrates*, ou o que é mesmo, maxistrados non profesionais, equiparables aos xuíces de paz en España, pero con máis competencias que estes últimos, especialmente en materia penal.

²² No caso de escoitas telefónicas, estas non son acordadas por un órgano xurisdiccional, como sucede en España, senón por un órgano político, concretamente polo *Home Secretary* (ministro do interior) previa solicitude da policía, consonte a *Interception of Communication Act* de 1985.

²³ Os poderes da policía para realizar unha investigación van dende o arresto, cacheo e detención, pasando pola identificación, o interrogatorio do sospeitoso, a entrada e rexistro, confiscación de obxectos ou vehículos, e ata as rodas de recoñecemento. Todas estas actividades investigadoras recóllense e regúlanse nos oito *Codes of Practice* recollidos na PACE: <https://www.gov.uk/guidance/police-and-criminal-evidence-act-1984-pace-codes-of-practice> (derradeira consulta 21/09/2023).

²⁴ DELMAS-MARTY, Miraille, *Procesos penales de Europa (Alemania, Inglaterra y País de Gales, Bélgica, Francia, Italia)*. Ed. Edijus, 2000, pág. 166.

²⁵ Sen embargo, existen diferenzas atendendo a cuestións persoais do acusado ou o tipo de delito cometido. Así, existe un tipo de normas procesuais específicas aplicables no caso de que o suxeito pasivo do proceso sexa un menor de idade o unha persoa con problema mentais; ou cando o acusado o sexa por un delito de terrorismo.

²⁶ TINOCO PASTRANA, Angel, *Fundamentos del Sistema Judicial Penal en el Common Law*. Universidad de Sevilla, 2001, pág. 57.

²⁷ PEÑARANDA LÓPEZ, Antonio, *El proceso penal en España, Francia, Inglaterra y Estados Unidos: descripción y terminología*. Comares, 2011, pág. 51.

Inglaterra e Gales para, posteriormente, facer o mesmo con respecto ao CPS e o exercicio da acusación en materia penal²⁸.

1. A policía inglesa e as fases indagatoria e preparatoria

A. A policía en Inglaterra e Gales

Tal e como se acaba de expoñer, a investigación criminal en Inglaterra e Gales é levada a cabo —eminentemente— pola policía, de feito considérase á policía como a verdadeira dona da acción penal, actuando sempre en nome da Coroa, xa que corresponde a esta incoar o procedemento e decidir a imputación do presunto autor dun delito, pasando o asunto —na maioría dos supostos— ao CPS para que decida se exerce a acusación fronte aos tribunais.

Unha característica propia da policía en Inglaterra e Gales é que está composta por diferentes corpos de carácter local²⁹, os cales gozan de autonomía operativa³⁰ entre si e, ademais, actúan con total independencia funcional do CPS e do Ministerio do Interior (*Home Office*)³¹.

O territorio inglés divídese, deste xeito, en 43 distritos policiais (*territorial police forces*), e á fronte de cada unha deles sitúase un *chief constable* (xefe de policía), que é oficial instituído con potestade para poder levar a cabo o exercicio da acción penal³².

Dito isto, destacar que, o feito de que existan diferentes distritos de policía, dá lugar a que se dean diferenzas na persecución penal e na aplicación da política criminal por todo o territorio inglés, correspondendo a propia policía aplicar estes criterios político-criminais, atendendo as características das súas respectivas áreas locais.

²⁸ Sen embargo, fronte a este esquema xeral, onde a investigación a realiza a Policía e a acusación o CPS; existen ilícitos que poden ser perseguidos por outras axencias gobernamentais (coma a *Fraud Office*, *The Enviromen Agency*, *the Health and Safety Executive*...), a diferenza radica en que todas estas axencias conservan tanto funcións de investigación coma de acusación, polo tanto, non teñen que acudir ó CPS para levar a un suxeito a xuízo. CAMPBELL, Liz; ASHWORTH, Andrew; REDMAYNE, Mike, *The criminal process*..., cit., pág. 158.

²⁹ Existen, así mesmo, dúas entidades policiais a nivel estatal con competencias limitadas, o *National Criminal Intelillence Service (NCIS)* e a *National Crime Squad (NSC)*, que serven como apoio ás forzas de policía inglesas para a investigación da criminalidade organizada e delitos graves a nivel nacional, respectivamente. Obsérvase así unha lixeira tendencia a centralización da actividade policial.

³⁰ Neste senso pronúnciase o Informe *Patten Inquiry* elaborado pola Comisión Independente sobre a política policial para Irlanda do Norte, que en vez de referirse á «independencia operativa», considera que é mellor usar o concepto «responsabilidade operativa» ou, para mellor entendemento en español, «autonomía operativa». Con todo, aínda que cada vez téndese máis a unha maior racionalización e centralización da policía, con todo esta segue gozando de bastante poder e autonomía na investigación do delito, tal e como se verá máis adiante.

³¹ Esta independencia cada vez é tamén menor xa que, como se verá posteriormente, o CPS ten poder para solicitar á policía novas fontes ou elementos de proba. Así mesmo, o *Home Office* pode emitir instrucións as diferentes comisarias de policía. CUADRADO SALINAS, Carmen, *La investigación en el proceso penal*. La Ley, 2010, pág. 220. A única excepción a esta regra é a *Metropolitan Police* de Londres, que depende directamente do Ministerio do Interior.

³² Este xefe de policía é tamén responsable da actuación dos seus subordinados en relación con calquera investigación dun delito. Vd. 1 All E.R. 763. *R v. Metropolitan Commissioner, Ex parte Blackburn* 1968.

O anterior ten a súa xustificación principal por unha razón de carácter xurídico-político, xa que o *chief constable* é elixido e retirado do seu posto polo *police and crime commissioner* (PPC) ou polo alcalde da localidade (*mayor*), ambos órganos electos, o que lle outorga certa lexitimidade democrática indirecta.

É precisamente por esta posibilidade que ten a policía de aplicar criterios de política criminal con certa discrecionalidade, o que fai tamén necesario que existan unha serie de límites que controlen a actividade dos diferentes corpos policiais.

O primeiro límite, á hora de aplicar criterios de política criminal e de oportunidade por parte da policía, baséase –históricamente– nos denominados *Peelian principles* ou principio de *Policing by Consent*, que implica que a policía exerce as súas funcións co consentimento implícito dos cidadáns, exercendo a súa actividade de forma ética, íntegra, responsable e transparente. A lexitimidade da súa actuación provén así tamén da opinión pública favorable da que gozan estes axentes de policía (*police officers*). O consentimento do público mantense «non compracendo á opinión pública», senón aplicando a lei de maneira xusta, imparcial e utilizando a mínima forza posible.

Supón esta unha manifestación de lexitimación por aplicación do principio de legalidade, polo que a actuación da policía deberá suxeitarse sempre a normativa vixente, sendo isto un límite efectivo a súa actuación.

Outro límite ou garantía baséase na separación existente e efectiva entre o goberno central e a policía, o que impide que o primeiro poida ditar instrucións de que delitos perseguir e a quen perseguir, o que evita a posible utilización da policía como un órgano de persecución política³³.

Sen embargo, a pesar destes límites para controlar a discrecionalidade policial, a realidade é que os ollos da tradición xurídica do *civil law*, isto último resulta contrario ao principio de seguridade xurídica, debido a que cada entidade de policía local pode aplicar os criterios de oportunidade que considere con respecto aos delitos que se cometan no seu ámbito territorial. É por iso que, dende xa fai un tempo, para evitar que se vexa afectada a seguridade xurídica, tentaron establecerse outra serie de límites que harmonicen a aplicación de criterios de oportunidade por parte de tódalas comisarías de policía inglesas, como son a aprobación de *circulars* pola *Home Office* para compaxinar a actividade policial no país.

Finalmente, outros límites a discrecionalidade policial é a posibilidade de aplicar unha serie de sancións³⁴ ó axente de policía que se excedese nas súas funcións. Así pois, permítese

³³ En todo caso o *Home Secretary*, dende a *Police Reform Act* de 2002, pode exercer certo control sobre a policía a través da promulgación do *National Policing Plan*, así como establecer códigos de conduta ou cuestións relativas á política criminal que ten que seguir toda a policía do país. Con todo, cabe destacar que cada *Chief Constable* segue tendo certa discrecionalidade á hora de aplicar estas medidas no seu territorio, para así adaptalas á idiosincrasia local.

³⁴ Vd. neste senso o artigo 78 *Police and Criminal Evidence Act*.

exercer contra o axente de policía a acción penal, por parte do propio CPS; a acción civil³⁵, por parte do cidadán afectado; ou a «sanción procesual», que implicaría a non admisión, polo órgano xudicial, das fontes de proba obtidas vulnerando, por exemplo, un dereito fundamental³⁶.

B. A fase preparatoria e indagatoria levada a cabo pola policía

Analizada a organización e funcións da policía inglesa, pasarase a facer referencia a fase indagatoria levada a cabo por parte dos propios corpos policiais. Esta fase componse de dous estadios os que se farán referencia deseguido.

a) *Initial investigation*

Trátase dunha pequena pescuda inicial e previa ao *preliminary enquiry* (ou «fase indagatoria» propiamente dita) para determinar se o caso é o suficientemente críble e grave. Isto supón comprobar se existe un mínimo de probas ou testemuñas e se o feito denunciado é de certa gravidade, para así determinar se corresponde mobilizar recursos policiais e iniciar unha investigación máis a fondo. Sendo esta unha primeira manifestación do principio de oportunidade policial no proceso penal inglés.

Esa pescuda inicial termina pechando o caso (*closing case*) ou establecendo unha investigación adicional (*further investigation*). No primeiro caso, se a policía pecha o caso, este só poderase volver reabrir cando a propia policía reciba novas probas ó respecto, tendo a obrigaón de notificar á vítima da súa reapertura e, no seu caso, tamén ás testemuñas.

No caso de que a vítima non estea de acordo coa resolución de pechar o caso, poderá solicitar a revisión desta decisión, sempre e cando exista un posible sospeitoso. Pola contra, a vítima non pode evitar esta decisión, xa que a policía segue operando con certa liberdade de decisión ou discrecionalidade á hora de exercer a acción penal, tal e como se apuntou anteriormente. Como alternativa, permítese á vítima interpoñer unha queixa perante a *Independent Office for Police Conduct (IOPC)*.

En senso contrario, no caso de que existan indicios da comisión dun delito, e se identificase ao presunto autor do mesmo, levarase a cabo unha investigación máis a fondo, a través da mencionada «fase indagatoria».

b) Fase indagatoria (*preliminary inquiry*)

Nesta fase lévanse a cabo, por parte da policía, aquelas investigacións ou actuacións encamiñadas a investigar a existencia dun delito, as circunstancias relativas á autoría e participación no mesmo, así como reunir e conservar as probas necesarias.

³⁵ A posibilidade de iniciar unha acción civil contra o axente de policía dáse, por exemplo, nos casos de detención ilegal, xa que o detido ilegalmente pode solicitar unha indemnización o policía que o detivo sen causa xustificada.

³⁶ Un exemplo de «sanción procesual», sería a inadmisión da confesión como medio de proba, cando esta foi obtida mediante presión, ameazas, promesa de obter algún beneficio ou pola forza.

O inicio desta fase de investigación, a diferenza do caso español, non está xudicializada, xa que corresponde o seu inicio e exercicio á policía, non estando así nin dirixida nin controlada por un xuíz ou maxistrado, nin se queira polo Ministerio Fiscal (como sucede en EE. UU.). É por iso que, para establecer un certo control sobre o exercicio da investigación por parte da policía creouse (dende 2012) a figura dos mencionados *Police and Crime Commissioners* ou *PCCs*, ademais do *His Majesty's Inspector of Constabulary (HMIC)*, como órganos supervisores das actuacións levadas a cabo nas diferentes comisarías de policía.

Os *PCCs* son así cargos políticos elixidos directamente pola poboación do condado ou municipio no que radica a correspondente comisaría de policía, e cuxas funcións principais son as seguintes: nomear ao xefe de policía (o mencionado *chief constable*), determinar o orzamento da policía da súa respectiva localidade, supervisar o funcionamento da policía (como unha especie de órgano político de control da mesma), recibir as queixas contra a actuación policial e prestar os servizos de apoio ás vítimas dos delitos, entre outras. Mentres que o *HMIC* é tamén un cargo político, elixido polo Rei/Raíña e responsable perante o Parlamento inglés, encargado da inspección e control da actividade policial en todo o territorio inglés, para a súa mellora en eficacia e eficiencia.

c) Fase preparatoria (*pre-trial investigation*)

Consonte a doutrina inglesa, esta fase comeza dende o arresto ata a fase do xuízo oral. Nesta lévanse a cabo, ademais do arresto (*arrest*), a detención (*detention*) do sospeitoso ou sospeitosos, a recompilación de información e a declaración ante a policía (*police interview*). Regulándose todo isto, principalmente, na *Police and Criminal Evidence Act* de 1984 (*PACE*). A continuación farase pois referencia a estas actuacións policiais.

c.1) Arresto (*arrest*)

Con respecto ao arresto en Inglaterra e Gales, este levarase sempre e cando se trate de una *arrestable offence*³⁷ e exista una «sospeita razoable» de que a persoa arrestada é ao autor do feito delituoso. Así mesmo, o arresto pode ser levado a cabo de dúas maneiras: por mandato de detención (*by* ou *with warrant*); ou pola propia policía, sen orde de detención (*without a warrant*).

Arresto por mandato de detención (*arrest with warrant*):

Unha forma de iniciar o proceso penal é a través dunha orde de detención. Esta é unha resolución dun órgano xudicial ditada contra o sospeitoso de cometer un delito e mediante a cal, ordena á policía que proceda arrestar a unha persoa e que a conduzan ante a súa presenza.

³⁷ Considéranse *arrestable offences* aqueles delitos que leven aparelhada cadea perpetua, pena privativa de liberdade de 5 ou máis anos (sempre que mediase violencia) e mesmo determinados casos curiosos como furtos en grandes almacéns ou non pagar a factura dun restaurante SPENCER, John; DELMAS-MARTY, Miraille, *European Criminal Procedure*. Cambridge University Press, 2002, pág. 205.

Normalmente, o arresto mediante orde (*warrant*) dítase cando ou o acusado non comparece ante o *magistrate* a través dunha previa citación, ou nos casos nos que o maxistrado considera que é necesaria a súa rápida comparecencia (normalmente en atención á gravidade do delito presuntamente cometido, ou cando non se coñeza o domicilio do presunto autor).

A nivel formal, unha orde de detención estrutúrase de forma moi parecida a unha citación; con todo, o escrito fará referencia á posibilidade de aboar unha fianza para quedar en liberdade trala súa detención, a condición de que compareza no día e hora sinalados polo órgano xurisdiccional. A fianza pasa a ser unha garantía, así no caso de que o procesado compareza, devolveráselle a fianza (a el ou aos seus fiadores) e, no caso contrario, a perderá. Así mesmo, nesta orde o maxistrado establecerá tamén os feitos presuntamente delituosos dos que se lle acusan, así como a cualificación xurídica provisional de tales feitos.

Arresto sen orde de detención (*arrest without warrant*):

Este tipo de arresto é o máis común na práctica e pódese levar a cabo tanto pola policía como por calquera cidadán, sendo o máis común que estes sexan efectuados polos corpos policiais. Con todo, os requisitos para realizar un arresto son diferentes atendendo a se este é realizado por un cidadán ou por un axente da autoridade.

Con respecto ao arresto levado a cabo por un cidadán ou cidadáns, estes poderán reter a calquera persoa a condición de que, na súa presenza, cometese un delito flagrante, tipificado como grave ou menos grave polo ordenamento xurídico inglés (roubo, agresión física, violación...). Isto supón que ninguén poderá reter a outra persoa en caso de comisión dun delito leve ou nos casos nos que non se estea seguro de quen é o autor do mesmo.

Sen embargo, cando o arresto o practica a policía, esta non só pode arrestar a unha persoa no caso da comisión dun delito flagrante cometido na súa presenza, senón que tamén poderán practicar un arresto nos momentos inmediatamente posteriores á comisión do delito, e incluso cando teñan a sospeita de que unha persoa cometeu un delito grave ou menos grave.

Así mesmo, a diferenza de calquera cidadán, a policía pode arrestar, usando incluso a forza, e mesmo rexistrar a calquera persoa ou vehículo (non o seu domicilio, para o que requirirá unha previa autorización xudicial) no caso de que existan indicios racionais de que porte obxectos roubados, prohibidos ou que usase para a comisión dun delito.

Por último, á policía tamén se lle permite arrestar, en determinados casos específicos, cando se comete un delito leve, como pode ser no caso de condución de vehículos a motor baixo a influencia de bebidas alcohólicas ou drogas (segundo a *Road Traffic Act* de 1930).

En todos estes casos, o axente de policía que practica o arresto terá a obriga de informar á persoa de que está arrestada e do motivo do seu arresto³⁸ (*Christie v Leachinski (1947) A.C. 576*) para, deste xeito, darlle a «...oportunidade á persoa arrestada de dar unha explicación e

³⁸ CAMPBELL, Liz; ASHWORTH, Andrew; REDMAYNE, Mike, *The Criminal Process...*, cit. pág. 125 e en PACE s 28, Code C.

aclarar calquera malentendido que se puidese orixinar...» ou para, en caso de detención ilegal (*false imprisonment*), poder iniciar unha reclamación por danos e prexuízos³⁹.

Con respecto ó arresto practicado pola policía, esta terá a obrigaón de advertirlle que o que diga nese momento do arresto poderá ser usado na súa contra como proba. En todo caso, estas manifestacións obtidas unha vez arrestado non adoitan ser admitidos en xuízo, xa que os órganos xudiciais consideran –en ocasións– que a policía interfere na competencia do tribunal de xustiza e que as manifestacións do detido, así como as preguntas que faga a policía nese momento, non se realizan en público, senón en privado, polo que non existe garantía de que non se empregaron procedementos coactivos para obter unha determinada declaración ou confesión.

c.2) Detención (*Detention*)

Producido o arresto, a posterior función da detención é garantir a presenza do sospeitoso ante o órgano xudicial e facilitar a investigación do delito (normalmente a través do interrogatorio do detido).

Así, unha persoa arrestada pola propia policía deberá ser levada á comisaría de policía, poñéndoo directamente a disposición do *custody officer*, que deberá ser un policía que teña –polo menos– o rango de sarxento⁴⁰, e que decidirá sobre a súa detención (de forma motivada⁴¹), sendo tamén a persoa que asume a responsabilidade de velar polos dereitos e o benestar da persoa durante o tempo que permaneza detido⁴².

Obsérvase así que o axente que arresta non é o mesmo que aquel que decide –na comisaría– a súa posterior detención, con iso perséguese que a orde de detención sexa levada a cabo por un órgano independente e neutral con respecto a aquel que practicou o previo arresto do suxeito.

Dito o anterior, durante a detención, a policía deberá de respectar as denominadas antigamente *Judge's Rules*, actualmente recollidos nos *Codes of Practice* da PACE, que regulan a conduta das autoridades policiais dende o arresto, pasando pola detención, ata o momento de formular a acusación ou pasar o expediente ao CPS. Destas «Regras», con respecto á detención, cabe destacar o seguinte.

O sospeitosos non pode estar detido máis de 24 horas (art. 41.1 PACE), tempo que empeza a contar dende que o arrestado é posto ao dispor do *custody officer*. Este tempo poderá ser ampliado ata 36 horas, cando sexa necesario para preservar e asegurar as posibles probas e só no caso de determinados delitos graves (*indictable-only offence*), decisión que terá que ser acordada por un oficial de maior rango ó de superintendente. Para unha prórroga

³⁹ A reclamación por danos e prexuízos tamén poderase iniciar cando unha persoa sexa arrestada de forma ilegal por calquera outro cidadán, non só pola policía.

⁴⁰ PACE s 36(3) y 37.

⁴¹ Motivación que, sen embargo, non adoita a darse na maioría dos supostos.

⁴² CAMPBELL, Liz; ASHWORTH, Andrew; REDMAYNE, Mike, *The Criminal Process...*, cit., pág. 125.

de maior tempo necesitarase sempre autorización xudicial do correspondente *Magistrates' Court* (art. 45 PACE)⁴³.

En todo caso, no momento da detención, o oficial informará o detido sobre as razóns das súa detención, o delito polo que se lle detén, os seus dereitos (especialmente o dereito a un *solicitor*⁴⁴ antes do interrogatorio e durante todo o procedemento, o dereito a un intérprete⁴⁵ e o dereito a non declarar). Así mesmo, antes do interrogatorio, o axente que vaia a levar a cabo esta dilixencia deberá de informar o detido –ou o seu avogado– das razóns polas que se lle atopa sospeitoso de cometer un delito⁴⁶, a esta «revelación» denomínaselle *pre-interview disclosure*.

c.3) Interrogatorio (*questioning*)⁴⁷

Trala detención, o *custody officer* decidirá se entrega ó detido ao *official* correspondente para que sexa interrogado. Unha vez que acceda a esta petición, se levará ó detido a unha sala destinada para levar a cabo esta dilixencia.

O artigo 11 da PACE establece que o interrogatorio comezará previa advertencia (*caution*) de que o silencio poderá ter efectos negativos para a súa defensa⁴⁸, e que o que declare poderá presentarse como proba en xuízo⁴⁹.

Esta advertencia pode ser considerada unha manifestación inquisitiva na investigación, xa que pódese utilizar ao investigado como fonte de proba no xuízo perante ó xurado. En todo caso, o límite no interrogatorio é que este se leve a cabo sen ningún tipo de coacción física e psicolóxica, e sempre e cando se informase previamente ó detido dos dereitos que lle

⁴³ Nestes casos, a autorización xudicial será solicitada polo oficial de policía en presenza do detido (e no seu caso tamén do seu avogado) podendo o xuíz acordar prórrogas de ata 96 horas en total. Nos casos de terrorismo o sospeitoso poderá estar detido ata 48 horas, debendo solicitar posteriormente ao órgano xudicial prórrogas, ata un máximo de 14 días (segundo a *Terrorism Act* do ano 2000). Se se necesitase máis tempo deberase solicitar a prisión provisional (arts. 14 do Código H e 41 da *Terrorism Act* de 2000).

⁴⁴ PACE, s 58. Este dereito implica tamén a posibilidade de consultar cun avogado incluso por teléfono (Code C, 6.5). En todo caso, sorprendentemente, a maioría dos sospeitosos seguen –a día de hoxe– sen optar pola asistencia dun avogado durante o interrogatorio policial xa que, a diferenza do caso español, no é un dereito obrigatorio, polo que é renunciabile por parte do detido, se así o desexa. CAMPBELL, Liz; ASHWORTH, Andrew; REDMAYNE, Mike, *The Criminal Process...*, cit., pág. 132.

⁴⁵ Code C.13, que incorporou o establecido pola Directiva 2010/64/EU sobre o dereito a interpretación e a tradución nos procesos penais. Este dereito corresponde garantizalo ao xefe de cada unha das diferentes comisarías de policía (*chief officer*).

⁴⁶ Code C, 11.1A. Esta descrición contará, como mínimo, os feitos coñecidos polo oficial de policía e o tempo e o lugar nos que se cometeron (Code C, note 11ZA).

⁴⁷ O termo *questioning* fai referencia o interrogatorio do sospeitoso en sede policial. Isto non se debe confundir coa *interview*, que é a declaración que se lle toma a vítima ou as testemuñas.

⁴⁸ En todo caso, o silencio do acusado en ningún caso poderá considerarse como base para unha sentenza condenatoria, pero si un indicio que pode valorarse negativamente polo xurado (caso *Cordon v. United Kingdom*, 2000).

⁴⁹ Adóitase facer a través da fórmula contida no Anexo C, apartado b del Code C: «*You do not have to say anything, but anything you do say may be given in evidence*».

asisten durante o interrogatorio (especialmente o dereito a gardar silencio e á asistencia letrada⁵⁰ –mesmo de balde–)⁵¹.

A seguir, preguntase ó interrogado se desexa responder as preguntas que lle faga o axente que leve a cabo o interrogatorio, podéndose acoller ó seu dereito a non declarar. As preguntas serán claras e directas e a policía non poderá facer repreguntas; ademais, no caso de menores ou incapaces, estes deberán estar acompañados dun adulto «apropiado»⁵² durante o transcurso do interrogatorio.

En todo caso, todo interrogatorio deberá de gravarse ou recollese por escrito, identificándose todos os intervenientes. Ademais, a gravación se deberá de poñer ao dispor do sospeitoso para que a firme como garantía de autenticidade. Así mesmo, pasarase unha copia da mesma ó órgano xurisdiccional correspondente e o CPS.

C) A decisión policial

Tralo interrogatorio, cando a policía chegue á conclusión de que a persoa detida cometeu o delito investigado, esta pode decantarse por dous tipos de solucións: iniciar o proceso penal (propriadamente dito) ou escoller dous tipos de alternativas ó proceso⁵³ (as *out-of-court disposals* ou o *guilty plea*).

a) *Out-of-court disposals* (O OCD)

Son opcións que a policía, noutra manifestación da ampla discrecionalidade da que goza en Inglaterra e Gales, pode optar por aplicar como alternativa ó proceso penal⁵⁴, das que caben destacar as seguintes medidas.

a.1) *Non further action*: esta medida alternativa o proceso supón a posibilidade que teñen os corpos policiais de que, ante a comisión dun delito, a policía decida non levar a cabo ningunha acción, normalmente cando non existen indicios suficientes para iniciar o proceso penal, ou cando o detido xa estea á cumprir unha condena por outro delito⁵⁵, cando os feitos sexan de moi escasa gravidade e non exista denuncia previa, ou cando o suxeito sexa

⁵⁰ A diferenza do caso español, o dereito á asistencia letrada durante o interrogatorio é un dereito voluntario en Inglaterra e Gales, polo que o detido pode renunciar a ese dereito se así o desexa.

⁵¹ Cabe destacar, neste senso que, no caso inglés, ata ben entrado o século XIX, o detido non tiña dereito á asistencia letrada nin a levar a cabo unha declaración autoexculpatoria durante o interrogatorio.

⁵² O Code C da PACE, utiliza o termo «*appropriate adult*», que fai referencia a calquera persoa que non teña relación coa policía, coma un familiar do menor ou incapaz.

⁵³ Esta decisión denomínase «*prosecute or divert*» (que pode traducirse como a decisión dos órganos de persecución penal de «perseguir ou evitar o proceso»).

⁵⁴ As razóns polas que acudir a estas alternativas ó proceso penal son, principalmente, razóns de eficacia e de eficiencia.

⁵⁵ SALAT PAISAL, Marc, «Mecanismos sancionatorios alternativos al proceso penal. Una visión desde el derecho inglés», en *Dereito: revista xurídica da Universidade de Santiago de Compostela*, nº 2, vol. 25, 2016, pág. 69.

inimputable (como no caso dun menor de 10 anos)⁵⁶. Nestes casos, a policía pasará a poñer (directamente) en liberdade detido.

a.2) *Cautions*: esta medida poderíase considerar como un exemplo de despenalización dunha conduta criminal, xa que supón amoestar previamente ao detido e deixalo en liberdade. Dito mecanismo adóitase aplicar naqueles casos nos que, maila cometerse un feito delituoso, estes non son de suficiente gravidade para iniciar un proceso penal. Esta solución aplícase así, normalmente, no caso dos delinquentes xuvenís ou nos casos daquelas persoas que delinquen por primeira vez e levan a cabo delitos leves.

Esta amoestación en ningún caso leva aparellada unha obrigaón ou prohibición, simplemente é un aviso ou unha advertencia da propia policía a esa persoa de que cometeu un delito e, normalmente, advertíndolle de que non o volva a cometer, xa que en caso contrario iniciárase un proceso penal contra o infractor.

Esta posibilidade da policía de amoestar a quen cometeu un delito por primeira vez é unha institución tradicional do *common law*, en todo caso está –na actualidade– regulada e limitada pola *Criminal Justice and Courts Act* de 2015, que establece tres tipos de *cautions*, que se analizarán de seguido: *informal cautions*, *simple cautions* e *conditional cautions*.

*Informal cautions*⁵⁷: denomínanse deste xeito a aquelas advertencias que a policía realiza no momento que sorprende a un infractor que acaba de cometer un delito moi leve (por exemplo, un pequeno furto). Nestes casos, o axente adoita amoestar verbalmente ao infractor, sen necesidade de acudir a comisaría, polo que non levaría a cabo ningún tipo de arresto nin posterior detención.

Unha manifestación deste tipo de amoestación son as denominadas *cannabis warning* (para aqueles maiores de idade que sexan sorprendidos con pequenas cantidades de drogas derivadas do cannabis ou khat).

Destacar, neste senso, outro tipo de amoestacións de carácter moi leve como as *Fixed Penalty Notice (FPN)*, aplicables –normalmente– por pequenas infraccións de tráfico ou ambientais⁵⁸, ou as *Penalty Notices for Disorder (PND)*⁵⁹.

Todas estas amoestacións informais caracterízanse por non estar reguladas pola lexislación (*non-statutory disposal*) –agás as *PND*– e por que non xeran nin computan a efectos de antecedentes penais.

⁵⁶ En Inglaterra e Gales a responsabilidade penal dos menores se aplica as persoas de entre 10 e 18 anos; mentres que en España se aplica as persoas de entre 14 a 18 (art. 1.1 Ley Orgánica 5/2000, de 12 de enero, reguladora de la responsabilidad penal de los menores).

⁵⁷ Tamén denominadas *informal warnings* ou avisos informais.

⁵⁸ Xa que a *Environmental Agency* tamén pode recorrer e aplicar *warrants*. Vd. neste senso o apartado 7.1.2. da *Environment Agency enforcement and sanctions policy*.

⁵⁹ *Criminal Justice and Police Act* 2001 (ss 1-11) e *Police Reform Act* 2002 (Sch 4). Nestes tipos de sancións se interpón unha multa, que deberá aboarse nun prazo determinado de tempo, e no caso de non facelo o asunto será levado perante os tribunais. No caso de non aceptar a *PND*, a cuantía da multa que se solicitará se incrementará nun 50%.

*Simple cautions*⁶⁰: do mesmo xeito que nos casos anteriores, este tipo de amoestación policial tamén é aplicable para os supostos de comisión de delitos leves (*summary offences*), pero tamén para determinados delitos menos graves (*either-way offences*)⁶¹. Sen embargo, a diferenza dos casos anteriores, esta é unha advertencia de carácter formal (levada a cabo na comisaría de policía por un axente uniformado) e que, dende o ano 1995, pasou a computar incluso a afectos de antecedentes penais. Na actualidade estas amoestacións só tenden a implicar a prohibición (nalgúns delitos) de traballar en determinadas profesións durante un prazo de tempo⁶².

Antes de interpoñer unha *simple caution*, a policía pode pedir consello ó CPS, non sendo esta consulta nin obrigatoria nin vinculante para a policía. Para impoñer a amoestación a policía deberá de ollar que se cumpriron os seguintes requisitos: que o suxeito admitise a súa culpabilidade dos feitos antes de suxerirle aplicar unha *simple caution*; ademais non deberá alegar que se dan posibles causas atenuantes; así mesmo, a policía deberá ter probas suficientes da súa culpabilidade (a través do *Threshold Test*)⁶³, e terá que existir un interese público para aplicación deste tipo de alternativa o proceso penal (atendendo ao delito cometido, as circunstancias persoais do autor, os antecedentes penais⁶⁴ e á opinión da vítima).

Unha vez que a policía decida interpoñer unha *simple caution*, deberá propoñela ao infractor, para que este a acepte como alternativa ao proceso penal, informándolle das principais consecuencias da súa aceptación⁶⁵ podendo, por iso, estar acompañado por un avogado para que lle asesore sobre a mellor decisión ó respecto.

Engadir que a aceptación, e polo tanto a interposición, da *simple caution* non impide que a vítima poida acudir, por vía civil, a reclamar –ao autor do delito sancionado coa *simple caution*– unha indemnización polos danos e prexuízos ocasionados pola comisión do delito.

Conditional cautions: por último, este tipo de apercibimento policial supón unha amoestación, como as *simple cautions*, pero a diferenza destas últimas é aplicable (en principio) a calquera tipo de delito, e ademais contén unha ou varias condicións encamiñadas á rehabilitación do infractor, á reparación do dano causado (manifestacións da xustiza restaurativa) e/ou ó pago dunha multa. Estas condicións recóllense nas seccións 22 a 27 da

⁶⁰ No caso das *cautions* aplicables a adultos, estas regúlase na guía *Simple Cautions for Adult Offenders* do *Ministry of Justice*. A estas sancións tamén se lles denomina *police cautions*.

⁶¹ Pódese aplicar tamén a algúns delitos graves, pero só coa autorización do CPS e nunca cando se trate de delitos sexuais nos que a vítima sexa menor de idade, nin nos casos de maltratos a menores, tráfico de seres humanos ou nos casos graves de tráfico de drogas.

⁶² Especialmente en aqueles de carácter sexual, coma os abusos sexuais. Isto sería como se en España a policía en vez impoñer unha pena de prisión puidese impoñer unha pena privativa de dereitos.

⁶³ Recollido tamén en *The Code for Crown Prosecutors* (apartado 5).

⁶⁴ Como regra xeral, se a persoa ten antecedentes penais ou previas medidas de arquivo por un delito, desaconséllase o ofrecemento dunha *simple caution*, agás que transcorresen máis de dous anos e a primeira *caution* (ou esta última que se lle pretende impoñer) sexa de moi escasa entidade.

⁶⁵ Por exemplo era a súa incorporación como antecedente penal. Isto é debido, en gran medida, a que no dereito inglés non existe a distinción entre delitos e infraccións administrativas, polo que toda infracción dunha norma será considerada sempre coma delito, e polo tanto terá efectos con respecto os antecedentes penais da persoa sancionada.

Criminal Justice Act de 2003 e na *Police and Justice Act* de 2006, e deberanse de cumprir para evitar que se arreste, deteña e se inicie un proceso penal contra esa persoa⁶⁶.

Os requisitos para aplicar unha *conditional caution* son os mesmos que se establecen para as *simple cautions*, a única diferenza con estas últimas é que, no caso dun delito leve, a *conditional caution* deberá ser acordada por un axente con rango de sarxento⁶⁷ e, no caso dun delito grave (*indictable-only offence*)⁶⁸, a policía deberá comunicarllo (neste caso obrigatoriamente) ao CPS, que decidirá se é conveniente a imposición deste tipo de medida ou iniciar o proceso penal.

A *conditional caution* deberá, se é aceptada polo acusado, estar firmada polo mesmo. Ademais, no caso de que a medida acordada sexa de carácter rehabilitador (como programas de desintoxicación ou de educación viaria) ou reparador (coma a obriga de acudir a mecanismos de xustiza restaurativa⁶⁹), esta deberá ser proporcional e apropiada ás circunstancias do delito cometido. En todos estes casos nos que se estableza unha medida rehabilitadora ou reparadora, adoita actuar como mediador un representante do CPS e, nalgúns casos, incluso membros da comunidade a que pertencen a vítima e o agresor.

Destacar que, as *conditional cautions*, non teñen transcendencia a efectos de antecedentes penais, pero si a efectos de antecedentes policiais. Así, no caso de que se inicie un procedemento penal posterior contra a mesma persoa, estes antecedentes policiais poderanse ter en conta como agravante á hora de determinar a pena. Ademais, a imposición dunha *conditional caution*, a diferenza das *simple cautions*, non cerra a porta a unha eventual acusación formal senón que a suspende, polo que no caso de non cumprir as condicións establecidas, se poderá encausar e iniciar o proceso penal contra o suxeito⁷⁰.

b) *Guilty plea*

Mentres que as *cautions* anteriormente mencionadas poden ser consideradas como unha manifestación de despenalización de determinados delitos levada a cabo discrecionalmente pola policía; existe outro criterio de oportunidade á que poden acudir os corpos policiais, neste caso a través da desxudicialización do proceso, mediante o denominado *guilty plea* ou acordo de culpabilidade.

Así, a diferenza do caso anterior, no que a policía amoesta ao autor dun delito leve, como alternativa ao comezo dun proceso penal; no caso do *guilty plea* é un órgano xudicial o que impón a sanción, tamén fronte a determinados delitos, pero previo acordo alcanzado

⁶⁶ Coa *The Legal Aid, Sentencing and Punishment of Offenders Act 2012* (LAPSO), se introduciu unha *conditional caution* específica para os estranxeiros que cometan un delito leve (*summary offence*) ou menos grave (*either-way offence*) que conleve máis de dous anos de prisión, que contén a condición de que o individuo abandone o país, coopere coas autoridades e non regrese o Reino Unido durante uns 5 anos. *Criminal justice Act 2003* (*Conditional Caution: Code of Practice*) Order 2013 e o *Director of Public Prosecutions, Adult Conditional Cautions* (*The Director's Guidance*).

⁶⁷ *The Legal Aid, Sentencing and Punishment of Offenders Act 2012*, s 133.

⁶⁸ *Director of Public Prosecutions, Adult Conditional Cautions* (*The Director's Guidance*), apartado 6.1.

⁶⁹ Coma devolver os obxectos roubados, as compensacións económicas, a reparación do dano causado ou o perdón da vítima. CUADRADO SALINAS, Carmen, *La investigación...*, cit., pág. 349.

⁷⁰ SALAT PAISAL, Marc, «Mecanismos...», cit., págs. 79-80.

entre as partes (policía como parte acusadora e o acusado) pola cal este último admite a súa culpabilidade nos feitos que se lle imputan.

Esta «culpabilidade acordada» adóitase dar cando a policía, fronte a comisión de determinados delitos leves ou algúns menos graves⁷¹, ten suficientes probas como para conseguir unha condena do presunto autor do feito delituoso. Así, o autor confesa cometer os feitos, admitindo a súa culpabilidade na comisión dos mesmos; mentres que a policía reducirá os cargos (*charges*) que presenta contra o mesmo, para así solicitar ó xuíz que se lle imponha unha pena menor á que lle correspondería se fosen a xuízo.

Analizadas, deste xeito, as actuacións que leva a cabo a policía durante o procedemento de investigación, previas ao xuízo oral; cabe referirse, a continuación, á decisión de acusación, que levará a cabo –na maioría dos casos– o *CPS*.

2. A acusación (*charging decision*)

A. O *Crown Prosecution Service*

Antes da creación deste órgano nos anos 80 do século pasado, en Inglaterra en Gales existían tres tipos de axencias encargadas de exercer a acción penal: cada comisaría de policía do territorio inglés, que en moitas ocasión tiñan que acudir os servizos dun avogado; o *Director of Public Prosecutions* ou *DPP* (para determinados delitos moi graves) e outras axencias gobernamentais (a *Post Office*, a *Health and Safety Commission*, o *Pollution Inspectorate* ou a *Inland Revenue*), para determinados delitos relacionados coas súas funcións. Todos estes órganos tiñan facultades non só investigadoras senón tamén potestade para exercer a acusación.

Sen embargo, este sistema ocasionaba unha serie de conflitos de competencias e distorsións na aplicación da lei nos diferentes territorios nos que se divide Inglaterra e Gales (condados e distritos, principalmente), polo que a sección británica da *International Commission of Jurist* de 1970 chegou a conclusión de que a decisión de investigar e a decisión de acusar debían de levarse a cabo por só dous tipos órganos, diferentes e independentes o un do outro. Por esa razón creouse o *CPS*, para exercer só as funcións de acusación dos delitos ante os tribunais, e estableceuse que sería –principalmente– a policía quen exercería a acción penal e levaría a cabo as investigacións dos delitos, na maioría dos supostos.

En todo caso, o *CPS* –segundo algúns autores⁷²– non é equiparable o Ministerio Público doutros países⁷³ coma España, xa que o primeiro non ten facultades para exercer a acción penal, nin para dirixir a investigación, entre outras.

B. O exercicio da acusación polo *CPS*.

⁷¹ Os delitos polos que a policía pode chegar a un acordo de culpabilidade (*guilty plea*) co imputado, son os mesmos delitos nos que a policía podrá exercer directamente tamén a acusación sen necesidade do *CPS*, tal e como se verá a continuación, no apartado seguinte.

⁷² TINOCO PASTRANA, A. *Fundamentos...*, cit., págs. 51-52.

⁷³ CAMPBELL, Liz; ASHWORTH, Andrew; REDMAYNE, Mike, *The criminal process...* cit., págs. 194-196.

No caso de que non se dean as circunstancias anteriores para aplicar unha solución extraxudicial ao delito, a policía deberá proceder á imputación formal, para o inicio dun proceso penal contra o presunto infractor. Dependendo tamén do delito, a policía pasará a acusar directamente ante un órgano xudicial ou pasará o expediente ao CPS, para que sexa este último quen decida se arquiva ou continua co procedemento, levando a cabo a acusación formal do suxeito ante o correspondente órgano xurisdiccional.

Así, a policía poderá directamente acusar ao sospeitoso, a condición de que se trate dun delito leve (*summary offense*) por danos valorados en menos de 5.000 libras, ou nos casos de pequenos furtos (*shoplifting*) ou sancións de tráfico; tamén en determinados casos de delitos menos graves (*either-way offences*)⁷⁴ sempre e cando se chegase previamente a un acordo (*guilty plea*) e a sentenza poida ser ditada por un *magistrate*⁷⁵, xa que no resto de casos a decisión de acusar corresponderá aos *prosecutors* do CPS.

O CPS opera así como un «filtro» da maioría das decisións policiais, podendo recomendar ao corpo policial solicitar máis probas (non sendo esta recomendación obrigatoria para a policía, xa que esta segue operando con independencia e autonomía do CPS), ou podendo decidir directamente non acusar, só no caso de delitos que deban axuizarse no *Magistrates' Court* (sen o consentimento da policía⁷⁶), xa que no caso de delitos graves que deban ser xulgados ante *The Crown Court*, o CPS non se poderá negar a exercer a acusación⁷⁷.

Para isto, o CPS aplica o denominado *Full Code Test* (que recolle *The Code for Crown Prosecutors*) e establece que o CPS decidirá sobre se acusa ou non atendendo ás posibilidades de conseguir unha condena, o que implica que deberá valorar a calidade e a pertinencia da probas remitidas pola policía (*evidential sufficiency test*)⁷⁸ e se existe interese público (*public interest test*)⁷⁹ en castigar o delito, atendendo á gravidade dos feitos e as circunstancias do imputado, entre outras.

Coa aplicación deste *test* permítese –novamente– a aplicación de criterios de oportunidade no proceso penal inglés, neste caso, no momento de levar a cabo a acusación⁸⁰. En todo caso, o CPS deberá ponderar todos estes factores establecidos no *Full Code Test* con

⁷⁴ Non se aplica ós delitos que impliquen a morte dun ser humano (coma homicidio imprudente), tampouco ós delitos relacionados ou conectados co terrorismo ou secretos oficiais, nin ós delitos sexuais, delitos de violencia doméstica ou crimes de odio.

⁷⁵ CAMPBELL, Liz; ASHWORTH, Andrew; REDMAYNE, Mike, *The criminal process...*, cit., pág. 162.

⁷⁶ Cabe recordar, neste senso, que o CPS tamén opera de forma autónoma e independente da policía.

⁷⁷ SPRACK, John, *Practical Approach to Criminal Procedure*, 15th. Oxford University Press, 2016, cap. 15.

⁷⁸ Pártese así de que, someter a un axuizamento a unha persoa e algo inxusto, seguindo a teoría de FEELEY, Malcom M., *The process is the punishment: Handling Cases in a Lower Criminal Court*. Russell Sage Foundation, 1992. Abrir un xuízo conta alguén cando non se teñen suficientes indicios non só é incorrecto moralmente senón tamén economicamente, xa que implica un gasto de recursos para non obter unha sentenza condenatoria.

⁷⁹ As situacións consideradas como de «interese público» a favor da acusación, recóllense no artigo 5.9 *The Code for Crown Prosecutions*; mentres que os factores en contra do mantemento da acusación recóllense no artigo 5.10 do devandito Código.

⁸⁰ CUADRADO SALINAS, Carmen, *La investigación...*, cit., pág. 308.

obxectividade e imparcialidade, sendo esta así unha manifestación de discrecionalidade regrada.

Chegados ata este momento, o *CPS* pode decidir non continuar co procedemento ou continuar co mesmo. No primeiro caso, o *CPS* deberá de informar o *Magistrates' Court* de que non vai a continuar co procedemento, a través da denominada *note of discontinuance*. En caso contrario, se o *prosecutor* decide continuar co procedemento, dáse inicio ao proceso xudicial propiamente dito, xa que o *CPS* pasa a acusar formalmente (a través da *information*) ante o *Magistrates' Court*, xa que é nestes tribunais onde se decide que órgano xudicial será o encargado do axuízamento do caso.

Así mesmo, iniciada a acusación, o *CPS* poderá retirala en calquera momento a través de dúas figuras o *discontinuance* e o *withdrawal of proceedings*. A primeira supón o arquivo das actuacións, que se poderá levar a cabo en calquera momento antes da apertura do xuízo oral, normalmente no caso de que non exista interese público no seu castigo. Este arquivo terá os efectos de cousa xulgada. Mentres que, se o arquivo prodúcese por falta de probas de cargo, este será provisional, podéndose reabrir novamente máis adiante se aparecen novas probas. A diferenza co caso español é que mentres que en España o arquivo (xa sexa definitivo ou provisional) o acorda un xuíz, no caso inglés o acorda directamente o propio *CPS*.

Mentres que, por outro lado, o *withdrawal of proceedings*, permite ao *CPS* retirar a acusación mesmo unha vez iniciado o xuízo oral, pero antes de que se pronuncie sentenza, requiríndose –neste caso– a aprobación expresa por parte do *Magistrates' Court*.

En ámbolos dous casos, os avogados da defensa poderán solicitar ao órgano xudicial que pronuncie sentenza absolutoria xa que, salvo no primeiro suposto, no resto de casos o arquivo ou retirada da acusación por parte do *CPS* dará lugar a que o caso podase reabrir con posterioridade.

C. O exercicio da acusación polos particulares

Tal e como se mencionou anteriormente, unha das características do proceso penal inglés é que o exercicio da acción penal pode ser levada cabo (en principio) por calquera persoa, en nome da Coroa⁸¹. Isto permite que o proceso penal poida ser iniciado non só polos membros da policía, senón tamén por persoas particulares que non teñan interese directo no proceso (por non ser vítima nin ofendido polo delito).

Con todo, que en Inglaterra e Gales permítase o exercicio da acción penal a calquera persoa, non quere dicir que esta deba entenderse como unha manifestación do exercicio da acción popular, xa que –como se acaba de mencionar– os particulares teñen lexitimación activa para iniciar un proceso penal, pero a condición de que o faga no nome da Coroa. Isto débese entender como unha especie de delegación tácita da Coroa (como poder executivo) aos particulares para iniciar un proceso penal, a condición de que o representante da Coroa

⁸¹ De feito, autores como GIMENO SENDRA consideran que o lexislador español inspirouse na lexislación inglesa, que faculta a todo cidadán (sexa ofendido polo delito ou non) a exercitar a acción penal e a soste-lo a acusación en paridade co Ministerio Fiscal. GIMENO SENDRA, José Vicente, *Constitución y Proceso*. Tecnos, 1988, pág. 85.

no eido penal (a policía ou o CPS) o permita, xa que bastará que un membro do destes organismos compareza na causa para que o acusador privado quede desprazado como acusación.

En todo caso, aínda que a acusación entre particulares é bastante pouco habitual, especialmente no caso de delitos graves que deban ser axuizados ante *The Crown Court*, é algo máis frecuente que esta se dea no caso de determinados delitos leves ou menos graves, por exemplo, no caso de furtos en tendas ou agresións entre veciños.

Nestes supostos o proceso penal sóese iniciar acudindo directamente (o particular) ao *Magistrate's Court* correspondente, sen necesidade de interpoñer previamente denuncia ante a policía.

Así mesmo, do mesmo xeito que sucede co inicio da acción penal por parte da policía, o CPS poderá solicitar o sobresemento da causa iniciada polo particular, aínda que nestes casos non adoita a ser o habitual.

D. *Pre-trial disclosure*

Do mesmo xeito que a policía debe poñer a disposición do acusado as probas das que dispón na súa contra antes de levar a cabo unha imputación formal do delito, ademais de exercer a acusación en determinados delitos leves; o CPS debe facer o propio no resto de delitos nos que teña que exercer a acusación.

Esta revelación (*prosecution disclosure*) das principais probas de cargo que teña o CPS contra o investigado, poderá levarse a cabo en calquera momento antes da primeira declaración (*first hearing*) do investigado ante o correspondente *Magistrates' Court*.

Este *disclosure* facíase antigamente sen a intervención de autoridade xudicial algunha; sen embargo, actualmente o CPS ten que notificar previamente o *Magistrates' Court* o *disclosure*, para que este poida facer un control do mesmo, por exemplo, para evitar que no posterior xuízo oral se utilicen probas non reveladas previamente, o que daría lugar a suspensión do xuízo por vulnerar o dereito a un xuízo xusto⁸². En todo caso, as normas sobre como levar a cabo o *disclosure* se recollen no *Disclosure manual of the CPS*⁸³.

Dito o anterior, destacar que tamén existe unha obriga de «revelación» establecida á defensa, e é que esta tamén ten o deber de informar a acusación (no caso de delitos graves que se deban axuizar ante *The Crown Court*) as testemuñas que vai chamar para testificar no

⁸² Neste caso pódese alegar un *abuse of process*, o que dará lugar a anulación do xuízo, por atentar contra a integridade do sistema xudicial penal. No caso *R v Salt* en 1996, precisamente anulase un xuízo por que as probas que aportou a policía no xuízo oral non foron transmitidas a defensa, nin posteriormente tampouco por parte do CPS.

⁸³ <https://www.cps.gov.uk/legal-guidance/disclosure-manual> (derradeira consulta 20/09/2023).

xuízo. Deberá, así pois, comunicar o *CPS*, tamén a través do órgano xudicial, as probas testificais que fará valer no posterior xuízo oral.

Concluída esta fase previa o xuízo oral, a preparación da posterior fase plenaria levarase xa perante un órgano xurisdiccional⁸⁴, concretamente será no correspondente *Magistrates' Court* onde se dilucidará o tipo de delito que se cometeu⁸⁵ e polo tanto o órgano xudicial que se encargará de axuizalo⁸⁶.

IV. CONCLUSIÓNS

Analizada a fase previa o xuízo oral nas nación de Inglaterra e Gales, cabe establecer unha serie de conclusións o respecto. Así, destacar que nestas nacións onde predomina o sistema acusatorio e o proceso penal de tipo *adversarial* ou adversativo, non existe unha fase de investigación ou instrución como unha fase procesual propiamente dita, na que un xuíz leva a cabo e dirixe as facultades investigadoras; senón que a investigación é unha fase administrativa e polo tanto levada a cabo por un órgano administrativo como é a propia policía, sendo así unha investigación totalmente parcial.

Así mesmo, no dereito inglés obsérvase a opción pola discrecionalidade no exercicio da acción penal. O característico deste caso é que, mentres que noutros países nos que impera o proceso *adversarial* (coma nos EE. UU.) o exercicio da acción penal corresponde en exclusiva aos fiscais (*prosecutors* ou *public attorneys*); en Inglaterra e Gales non existe ese monopolio por parte do *CPS*, xa que calquera cidadán ten a posibilidade de exercer a acción penal no nome da Coroa, aínda que non sexa o máis habitual na práctica, xa que a realidade é que, a acción penal, é exercida pola propia policía, na gran maioría dos supostos.

Manifestacións deste principio de oportunidade, no exercicio da acción penal, exprésase xa non só na facultade que teñen os corpos policiais de iniciar calquera procedemento sancionador, senón tamén a través da posibilidade de acudir a mecanismos alternativos ó proceso penal como as *out-of-court disposals* e o *guilty plea*.

En todo caso, maila non existir un control xurisdiccional sobre as facultades de investigación, si que existen outra serie de controis sobre a actuación da policía no eido criminal que limitan a súa discrecionalidade na etapa investigadora do delito.

Así, existen controis de carácter interno, coma a existencia de autoridades encargadas de vixiar o funcionamento das diferentes comisarias de policía (órganos de carácter político

⁸⁴ O trámite é parecido ó de unha audiencia previa, característica do proceso civil español.

⁸⁵ No *Magistrates' Court* estableceuse se o delito cometido é un delito leve (*minor offence* ou *summary offence*), un delito menos grave (*offence* ou *either-way offence*) ou un delito greave (*indictable-only offence* ou *crime*). Vocábulos este utilizados nos *Law Reports*.

⁸⁶ Dende o ano 1975 estableceuse que os *summary offences* serían xulgados, de forma sumaria, por un maxistrado do *Magistrates' Court*; mentres que os *indictable-only offences* serían xulgados, previa acusación formal (*indictment*), con xurado popular ante *The Crown Court*. Finalmente, os *either-way offences* son aqueles delitos que poden ser axuizados por varios maxistrados (de forma colexiada) no *Magistrates' Court* ou ante un xuíz no *The Crown Court*, tendo sempre o acusado (nos caso destes últimos delitos) o dereito a solicitar ser xulgado nun xuízo con xurado popular.

coma o alcalde do distrito no que se sitúa cada comisaria ou o *police and crime commissioner*) e o *HMIC*; e outros controis de carácter externo, coma o propio *CPS*, o cal (a súa vez) opera con independencia da policía, estando suxeito a unha discrecionalidade regrada establecida no *Full Code Test*.

Esta discrecionalidade a hora de levar a cabo a acción penal e exercer a acusación, pódese xustificar, no caso inglés, pola tradición e institución do xurado popular, como órgano encargado de ditar o veredicto na posterior fase do xuízo oral. Xa que esta institución fai que o resultado do xuízo sexa máis imprevisible que no caso de que se celebre ante un xuíz profesional, polo que aqueles que exercen a acción penal e acusan deben poder calcular e valorar a súas posibilidades de éxito, aplicando para iso criterios discrecionais, decidindo se acusa ou non e de que delitos acusa. En todo caso, esta discrecionalidade aporta unha serie de aspectos tanto positivos coma negativos.

Dentro dos aspectos positivos, cabe destacar que a discrecionalidade é unha forma de facer o procedemento máis simple, barato, e menos burocrático; ademais de ser unha forma máis proporcional e menos estigmática de responder contra os delitos leves, tendo a mesma efectividade que unha sentenza xudicial⁸⁷.

Así mesmo, a discrecionalidade na acción penal, permite adaptar a actividade policial á política criminal; así, cando un tipo de delito non causa balbordo social, pódense acudir a estes mecanismos e, se ese mesmo delito pasa a ter certa importancia, pódese rectificar e facer que estes delitos se tramiten por vía xudicial⁸⁸. Así, a súa rapidez e eficacia ten un efectivo efecto disuasorio, ademais de mellorar a eficacia e eficiencia non só dos xulgados, senón tamén da propia policía, para que as autoridades de persecución penal se poidan dedicar a investigar os delitos máis graves⁸⁹.

Sen embargo, aínda que ben é certo que estas alternativas ao proceso penal dan lugar a unha diminución da cantidade de traballo que os xulgados soportan; a realidade é que a discrecionalidade da policía en Inglaterra e Gales da lugar tamén a unha serie cuestións negativas.

En primeiro lugar, a posibilidade de que un órgano administrativo, como a policía, poida directamente despenalizar determinadas condutas implica non só unha vulneración do principio de legalidade e dos dereitos e garantías do sancionado, senón tamén a atribución de facultades lexislativas e xurisdicionais á policía.

Outros problemas que implica a discrecionalidade policial son a falta de transparencia e a disparidade de solucións segundo a área xeográfica ou a clase social do detido, o que atenta contra o principio de seguridade xurídica e de igualdade. Polo que, dende hai un tempo, aprobáronse unhas directrices comúns, por parte do *Home Secretary*, para a aplicación destes mecanismos alternativos ó proceso penal por parte dos corpos policiais.

⁸⁷ CAMPBELL, Liz; ASHWORTH, Andrew; REDMAYNE, Mike, *The criminal process...*, cit., pág. 161.

⁸⁸ Así ó establece o propio *Home Office* en Inglaterra y Gales nas súas *Circulars* CAMPBELL, Liz; ASHWORTH, Andrew; REDMAYNE, Mike, *The criminal process...*, cit., págs. 164-165.

⁸⁹ *Ministry of Justice, Simple Cautions for Adult Offenders*, n 60.

Ademais, estas sancións alternativas o proceso, contarán en tódolos casos como antecedentes policiais, podéndose considerar como agravante cando o prexudicado se vexa inmerso en un posterior proceso penal, independentemente do delito cometido.

Polo tanto, unha solución intermedia, sería aquela que permitise a aplicación de criterios de discrecionalidade, pero sen vulnerar principios de legalidade e igualdade xurídica, que deben imperar en todo proceso penal e incluso en todo procedemento de carácter administrativo, coma se pode considerar á aplicación das *out-of-court disposals* mencionadas neste traballo.

Deste xeito, unha posible alternativa sería que estes criterios de oportunidade fosen levados a cabo polo CPS, e non pola policía. Xa que o CPS aplica criterios de discrecionalidade regrada e, ademais, é un organismo centralizado, polo que este criterios serían aplicables por igual a todo o territorio inglés e polo que non se verían afectados os principios de legalidade e seguridade xurídica. Todo isto apoiado pola mellor preparación e o maior coñecemento técnico e xurídico do que gozan os *prosecutors* do CPS fronte os axentes de policía.

Isto non impediría que os corpos policiais seguisen mantendo a súas facultades de investigación, pero sería así outro órgano (independente da policía), coma o propio CPS, o que negociase sempre co encausado as *out-of-court disposals* ou calquera outro mecanismo de xustiza penal negociada coma o *guilty plea*.

Así mesmo, parecería tamén razoable que estes acordos estivesen suxeitos a posterior fiscalización ou control por parte dun órgano xudicial (coma sucede xa co *guilty plea*).

Posibles solucións, estas últimas, que tamén poderíanse ter en conta no caso de que en España finalmente se impoña o sistema de instrución por parte do Ministerio Fiscal, tal e como apuntan os derradeiros proxectos de lei de axuízamento criminal para, non só evitar os faios do sistema inglés, senón para unha mellor adaptación ó noso ordenamento xurídico dunha institución característica do sistema anglosaxón coma a discrecionalidade no exercicio da acción penal.

V. BIBLIOGRAFÍA

ARMENTA DEU, Teresa, *Sistemas procesales penales. La justicia penal en Europa y América*. Marcial Pons, 2012.

CAMPBELL, Liz; ASHWORTH, Andrew e REDMAYNE, Mike, *The Criminal Process*, 5th. Ed. Oxford University Press, 2018.

CUADRADO SALINAS, Carmen, *La investigación en el proceso penal*. La Ley, 2010.

DELMAS-MARTY, Miraille, *Procesos penales de Europa (Alemania, Inglaterra y País de Gales, Bélgica, Francia, Italia)*. Ed. Edijus, 2000.

ESER, A. M.C.J. «Jueces legos en el proceso penal. Una comparación entre los sistemas inquisitivo y adversativo desde la perspectiva alemana», en *Estudios jurídicos en memoria del profesor Dr. D. José Ramón Casabó Ruiz* (CASABÓ RUIZ, Jose Ramón), Ed. Universitat de València, Valencia, 1998.

FEELEY, Malcom M., *The process is the punishment: Handling Cases in a Lower Criminal Court*. Russell Sage Foundation, 1992.

FROMONT, Michel, *Grands systèmes de droit étrangers*, 2ª Ed. Dalloz, 1994.

GASCÓN INCHAUSTI, Fernando, «Características de los grandes sistemas de investigación penal del derecho comparado», en *Cuadernos Digitales de Formación, Instrucción penal en el Derecho comparado*, nº 4, 2011.

GIMENO SENDRA, José Vicente, *Constitución y Proceso*. Tecnos, 1988.

GÓMEZ COLOMER, Juan Luis, *Introducción al proceso penal federal de los Estados Unidos de Norteamérica*. Tirant, 2013.

LaFAVE, Wayne R. e ISRAEL, Jerold H., *Criminal Procedure*, vol. 1. St. Paul: Ed. West Group, 1984.

MONTERO AROCA, Juan, *Proceso (civil y penal) y garantía. Proceso como garantía de libertad y de responsabilidad*. Tirant, 2006.

MONTERO AROCA, Juan, *Derecho Jurisdiccional I. Parte General*, 27ª Ed. Tirant, 2019.

PEÑARANDA LÓPEZ, Antonio, *El proceso penal en España, Francia, Inglaterra y Estados Unidos: descripción y terminología*. Comares, 2011.

PADFIELD, Nicola, *Text and Materials on the Criminal Justice Process*. Butterworths, 1995.

SALAT PAISAL, Marc, «Mecanismos sancionatorios alternativos al proceso penal. Una visión desde el derecho inglés», en *Dereito: revista xurídica da Universidade de Santiago de Compostela*, nº 2, vol. 25, 2016.

SPENCER, John; DELMAS-MARTY, Miraille, *European Criminal Procedure*. Cambridge University Press, 2002.

SPRACK, John, *Practical Approach to Criminal Procedure*, 15th. Oxford University Press, 2016.

TINOCO PASTRANA, Angel, *Fundamentos del Sistema Judicial Penal en el Common Law*. Universidad de Sevilla, 2001.

ZWEIGERT, Konrat y KÖTZ, Heinz, *An introduction to comparative Law*, 2^a Ed. Claredon paperbacks, 1993.